

Ruptura das expectativas

Narrativa Historia dunha adolescencia de conflito

Cando achegamos a man a un libro descoñecido adoitamos facelo polo que nos suxire a capa e a descrición da contracapa. Son estes elementos algúns dos que centran máis os esforzos da industria editorial no seu labor de márketing. Porén, ás veces estes elementos xogan co texto dun xeito irónico e paradoxal. Un destes casos é sen dúbida o de *Gifted*, a novela da autora indo-galesa Nikita Lalwani. A súa capa lila chea de números de cores coa silueta dunha rapariga case danzante contrasta de xeito brutal coa historia que se desenvolve entre esas capas de cor. Tamén a sinopse semella dar a entender unha historia “lixeira” na que aparentemente unha nena prodixio das matemáticas de orixe India e que vive en Cardiff atopa o seu lugar no proceso da adolescencia. Nada máis lonxe diso ca *Gifted*.

Se cadra é a dureza da historia de Rumi, efectivamente a nena prodixio das matemáticas, a que impide que poida ser facilmente resumida na sinopse da contracapa, a que obrigue a que haxa queedulcorala

Gifted · Nikita
Lalwani · Penguin
Books, 2007 ·
288 páx · 11,90 euros



cunha capa colorista. Porque son moitas as expectativas que este libro rompe e moitas as ecuacións que poden resolverse nas súas páxinas. Fronte á expectativa do lixeiro, ou a dos conflitos interxeracionais máis clásicos da literatura de mulleres emigrantes no Reino Unido, *Gifted* atopa unha voz persoal e complexa a diferentes niveis.

O libro narra con interesante mestría a dolorosa e conflitiva relación entre Rumi e o seu entorno a moi diferentes niveis. De xeito sobranceiro destaca a relación entre a moza e o seu pai Mahesh, que a obriga a pasar sen comer e estudar coas ventás abertas no frío inverno para “axudar á súa concentración”, obsesionado con que entre na universidade antes dos 14 anos. A situación da familia de Rumi dis- ta abondo da doutras familias da

literatura da emigración india en Gran Bretaña. Aquí non hai saris nin comidas copiosas. Si un pai que obriga á nai a falar en inglés con normas case hitlerianas de estudo, a “integrarse” –no vestido, na interacción cos amigos británicos– e deixar atrás outras expresións da tradición frecuentes neste tipo de narracións. Mais a tradición persiste doutras maneiras. Persiste na resistencia de Shreene, a nai, a esa adaptación, persiste na idealización do país da orixe nunha imaxe marcada por Gandhi, as bandeiras e a guerra de Partición. Tamén nas expectativas de futuro de Rumi, que debe converterse en xenia das matemáticas pero seguir sendo “feminina” e non “un eunuco”, como pensa Shreene nun momento da historia. A tradición e a modernidade contradínse como conceptos absolutos. Rumi, pola súa banda, está no vórtice desas diferentes forzas. A da relación de dominación do seu pai cara á súa nai e de ambos cara a ela. A relación entre unha India que para ela é só o lugar de vacacións de lecer da infancia e un Gales de racismo sutil. A relación entre a infancia e a



Kids: Polia. // Sergei Bratkov

adolescencia, onde cambian as expectativas e todas as instancias chocan e estouran.

Gifted fala tamén da soidade, da falta de encaixe de individualidades tan sumamente complexas como a de Rumi e, dunha forma fonda e perturbadora, dun certo tipo de maltrato infantil que pode pasar, como é na historia, desapercibido

aos ollos do mundo, agochado pola asunción xeral da sociedade de que os nosos pais, as nosas mäs, sempre queren o mellor para nós. As expectativas que se proxectan en Rumi son demasiado pesadas, veñen dende todos os puntos cardinais. Mais ao final do camiño, na ruptura de todas as expectativas, reside a esperanza. // **María Reimóndez**